



Lingua de Nam♥rar

Secretaría Xeral de Política Lingüística
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e
Voluntariado

2019

XUNTA DE GALICIA

LINGUA DE NAMORAR

As consellerías de Cultura e Turismo e de Política Social, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, respectivamente, convocan Lingua de namorar, un concurso en liña de mensaxes de amor en galego dirixido á mocidade.

Obxectivos

Dinamizar o uso da lingua galega entre os mozos e mozas nas súas relacións persoais e nas tecnoloxías da información e da comunicación, nomeadamente, na Internet e na mensaxería instantánea.

Incrementar a percepción do galego como unha lingua que é útil para os momentos de lecer e de diversión.

Características das mensaxes

As mensaxes de amor deberán estar escritas en lingua galega e poderanse redactar en prosa ou en verso. A extensión máxima da mensaxe será de 350 caracteres, incluídos os espazos en branco.

Cada participante poderá enviar un máximo de dúas mensaxes ao concurso.

Criterios de valoración

Teranse en conta o grao de elaboración da mensaxe, a orixinalidade e a calidade da lingua. Todas as mensaxes deberán ser inéditas.

A organización do concurso desbotará aquelas mensaxes de carácter discriminatorio ou ofensivo.

Persoas destinatarias e categorías

Lingua de namorar é un concurso dirixido a toda a mocidade con idades comprendidas entre os 14 e os 35 anos.

Establécense dúas categorías de idade:

- Categoría A: de 14 a 19 anos
- Categoría B: de 20 a 35 anos

Premios

Establécense tres premios por cada unha das categorías de idade:

Categoría A:

- 1º Tablet SPC Gravity PRO
- 2º Libro electrónico EareaderBQ Cervantes
- 3º Altofalante portátil DAEWOO

Categoría B:

- 1º Ordenador portátil HP
- 2º Sistema de son NEVIR
- 3º Auriculares True Wireless Stereo DAEWOO

Procedemento de participación

Para poder enviar as mensaxes cumprirá rexistrarse na páxina do concurso:

<http://xuventude.xunta.es/linguadenamorar> para o que se deberá cubrir un formulario de inscrición.

Todas as mensaxes serán publicadas na páxina do concurso e estarán identificadas polo título e mais polo número que se lles asigne. As mensaxes gañadoras serán as únicas que se identifiquen co nome e apelidos dos autores e autoras.

Prazo de presentación

A data límite para enviar as mensaxes é o 28 de febreiro.

Votación

Unha vez rematado o prazo para enviar as mensaxes, abrirase un período para votar que abarcará do 1 ao 7 de marzo.

As persoas que queiran participar só como votantes tamén se deberán rexistrar na páxina do concurso. Cada usuario/a poderá votar por un máximo de tres mensaxes en cada unha das categorías de idade.

Xurado

O xurado do concurso estará conformado por un representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística, un representante da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, un representante da Rede de Dinamización Lingüística, un representante da Rede Galega de Información Xuvenil e unha escritora ou escritor recoñecido en lingua galega.

Resolución

O xurado do concurso reunirase unha vez rematado o prazo de votación e elixirá as declaracións gañadoras de entre as 50 mensaxes máis votadas polos usuarios e usuarias en cada unha das categorías de idade. A listaxe cos nomes das persoas gañadoras publicárase o 18 de marzo na páxina web:
<http://xuventude.xunta.es/linguadenamorar>

Entrega de premios

O 28 de marzo haberá unha entrega de premios que terá lugar no concello de Padrón, A Coruña.

Aceptación das bases

A participación neste concurso implica a plena aceptación destas bases. A organización resérvase o dereito de modificar e interpretar as bases deste concurso sempre e cando sexa necesario para o seu bo desenvolvemento.

